

Xuño 98

- O parasitismo causa un prexuízo ó hospedante
- Os saprofitos ou descompoñedores realizan a reciclaxe de nutrientes nos ecosistemas
- Nos terremotos libérase bruscamente a enerxía elástica almacenada nas rochas
- O desenvolvemento sostible permite a renovación dos recursos
- Os transvasamentos fanse dende concas hidrográficas con excedentes a outras deficitarias

Setembro 98

- A acción humana pode degradar solos e causar desertificación
- Os descompoñedores fan posible a reciclaxe de nutrientes
- A ordenación do territorio é unha forma de planificación
- As flutuacións son variacións do número de individuos dunha poboación
- Os encoros permiten a regulación do caudal dos ríos

Xuño 99

- A enerxía eólica é renovable
- A incineración é un método de tratamento de residuos sólidos
- A xelivación débese á conxelación da auga e da lugar a penedías (“canchales”)
- A actividade humana pode causar a degradación dos solos, o cal leva á desertificación
- As matrices de capacidade de acollida empréganse para a ordenación do territorio

Setembro 99

- A sucesión conduce á comunidade clímax
- Nos límites das placas litosféricas abundan os volcáns
- A erosionabilidade é maior canto maior sexa a pendente e menor a cobertura vexetal
- As rochas calcarias altéranse por carbonatación debido á acción do dióxido de carbono
- A biomasa dun ecosistema depende do límite de carga do medio

Modelo 99/00

- A escorrentía causa erosión areolar
- Un exceso de fertilizantes pode causa-la eutrofización das augas
- A disolución da calcaria da lugar á formación de covas
- O desenvolvemento sostible permite utilizar os recursos sen que se esgoten
- O biogás pode obterse co tratamento de residuos en condicións de anaerobiose

Xuño 00

- A escala de Richter é unha medida da magnitude sísmica
 - Os produtores constitúen o primeiro nivel trófico
- Ou tamén...* O nivel trófico dos produtores está constituído por organismos autótrofos
- Un lique é unha simbiose de fungos e algas
 - Cando a extracción da auga é excesiva prodúcese a sobreexplotación dos acuíferos
 - A prevención é a mellor forma de reducir un impacto ambiental

Setembro 00

- A riqueza de especies é un compoñente da biodiversidade
- Os climogramas son gráficas nas que se representan temperaturas e precipitacións
- Os NOx poden causar smog fotoquímico
- Os transvasamentos fanse cara ás concas hidrográficas deficitarias
- As arxilas dos solos expansivos causan un risco xeolóxico

Xuño 01

- A biomasa é a materia orgánica do ecosistema
- Un exceso de nutrientes causa a eutrofización das augas
- Un terremoto débese á liberación brusca da enerxía elástica almacenada nas rochas
- As subsidiencias son afundimentos que se poden producir pola compactación trala extracción de fluídos
- As precipitacións dan lugar a escorrentía, infiltración e evaporación

Setembro 01

- Os liques son unha simbiose de fungos e algas
- A agricultura pode causar a eutrofización das augas
- A escorrentía causa erosión areolar
- As arxilas expansivas constitúen un risco debido ós seus cambios de volume
- Unha borrasca é unha situación de baixa presión debida á “ascendencia” do aire

Xuño 02

- O sistema kárstico fórmase debido á disolución das rochas calizas
- A escala Mercalli reflicte os danos causados polos movementos sísmicos
- Coñécese como clímax a etapa de maior madurez da sucesión
- Os aerosois que conteñen CFCs danan a capa de ozono
- A producción neta é a biomasa incorporada a cada nivel trófico

Setembro 02

- Os solos expansivos teñen arxilas que cos seus cambios de volume constitúen un risco
- A formación de ácido sulfúrico a partir de SO₂ na atmosfera é unha das causas da chuvia ácida

-Prodúcese sobreexplotación dos acuíferos cando se extrae deles maior cantidade de auga que os aportes que reciben

-O límite de carga é o número máximo de individuos, e polo tanto a cantidade máxima de biomasa, que pode manter un sistema, en función dos factores limitantes do medio

Xuño 03

- Unha das finalidades da construción de encoros é a regulación do caudal dos ríos
- O fósforo é un factor limitante para a producción primaria
- O SO₂, que pode retornar á superficie en forma de deposición seca, é un dos contaminantes causantes da chuvia ácida
- A desertificación débese á acción humana sobre os solos, facendo que estes perdan a súa capacidade produtiva

Setembro 03

-A escala Mercalli mide a intensidade dos danos sísmicos e a de Richter a magnitude da enerxía liberada

-No concepto de biodiversidade inclúese a riqueza de especies dos ecosistemas

-O gradiente xeotérmico é o incremento de temperatura que se produce ó aumenta-la profundidade

-Na nitrificación é un proceso que forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno e consiste na transformación de amoníaco en nitratos

Xuño 04

-O sistema kárstico fórmase a causa da disolución das rochas calcarias

-Os danos sísmicos cuantifícanse coa escala Mercalli

-Os aerosois que conteñen CFCs danan a capa de ozono

-A producción neta dun nivel trófico é o incremento da súa biomasa por unidade de tempo

-A etapa de maior madureza da sucesión ecolóxica coñécese como etapa clímax

Setembro 04

-O fósforo é un factor limitante para a producción primaria

-Os encoros permiten a regulación do caudal dos ríos

-O SO₂ pode causar chuvia ácida, cando se produce a súa deposición en forma do ácido sulfúrico formado na atmosfera

-A acción humana pode contribuír á desertización, cando o solo perde a súa capacidade produtiva

Xuño 05

- Os encoros permiten a regulación do caudal dos ríos
- Chamamos fluctuacións ás oscilacións do número de individuos dunha poboación
- A desertificación é un conxunto de procesos de degradación dos solos provocados pola acción humana
- A ordenación do territorio é a planificación dos seus usos
- Os descompoñedores levan a cabo a reciclaxe de nutrientes nos ecosistemas

Setembro 05

- A incineración é un método de tratamento dos residuos sólidos
- A actividade humana pode causar desertificación, cando os solos perden capacidade produtiva
- A eólica é unha fonte de enerxía renovable
- A matriz de capacidade de acollida é un instrumento para a ordenación do territorio
- A xelivación é un proceso de meteorización física no que intervén a auga, orixinando pedreiras (“canchales”)

Xuño 06

- A disolución das rochas calcarias da lugar ó sistema kárstico
- A etapa clímax é a de maior madurez da sucesión
- A escala Mercalli reflicte os danos sísmicos
- Os aerosois que conteñen CFCs danan a capa de ozono
- A producción neta dun nivel trófico é o incremento da súa biomasa por unidade de tempo

Setembro 06

- A producción neta é a producción bruta menos a respiración
- O biogás é un combustible que se pode obter dos residuos
- A eutrofización das augas débese a un exceso de nutrientes nas mesmas
- A riqueza de especies é un compoñente da biodiversidade

Xuño 07

- A producción neta equivale á producción bruta menos o gasto en respiración
- A eutrofización débese a un exceso de nutrientes nas augas
- Ou tamén...* O afloramento oceánico é o ascenso de augas ricas en nutrientes
- O biogás é un combustible que se pode obter da fermentación de residuos orgánicos
- A riqueza de especies é un compoñente da biodiversidade

Setembro 07

- O risco de solos expansivos débese ós cambios de volume das arxilas
- Prodúcese sobreexplotación dos acuíferos cando a extracción de auga é supera á súa capacidade de recarga
- Gradiente xeotérmico é o incremento da temperatura coa profundidade
- A nitrificación é un proceso que forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno

Xuño 08

- O risco xeolóxico de solos expansivos débese ós cambios de volume das arxilas
- Cando se chega ó límite de carga, a cantidade de biomasa do sistema non aumenta
- Prodúcese sobreexplotación dos acuíferos cando se extrae deles auga en cantidade maior ca súa capacidade de recarga
- A chuvia ácida fórmase como consecuencia da emisión de óxidos como o SO₂, que na atmosfera orixina ácido sulfúrico

Setembro 08

- Entre os nutrientes, o fósforo é o principal factor limitante para a producción primaria
- risco/”chans” expansivos/arxila
- SO₂/ chuva ácida/ ácido sulfúrico ver xuño 08
- límite de carga/sistema/biomasa

Xuño 09

- A perda da capacidade produtiva dos solos debida á acción humana coñécese como desertificación
- O fósforo é un factor limitante para a producción primaria
- Os encoros axudan á regulación do caudal dos ríos
- A chuvia ácida consiste na deposición húmida de ácidos como o sulfúrico formado na atmosfera cando se emite SO₂

Setembro 09

- Un hidrograma é unha gráfica na que se representan as variacións do caudal dun río en función do tempo
- Coa reforestación redúcese a erosión do solo
- Os liques son indicadores de contaminación atmosférica por SO₂
- pH, DBO e alcalinidade son parámetros químicos para determinar a calidade das augas
- O albedo é a porcentaxe de radiación solar reflectida da total que incide
- Na estratosfera o gradiente de temperatura é contrario ó de troposfera, posto que a temperatura aumenta coa altura

Modelo exame 2010 A

- O fósforo é un factor limitante para a producción primaria
- Os encoros son unha medida para a regulación do caudal dos ríos
- A desertificación dos solos débese á acción humana
- A chuvia ácida é a deposición húmida de SO₂ e NO_x en forma de ácidos

Modelo exame 2010 B

- O fósforo é o principal factor limitador para a produción primaria nos ecosistemas acuáticos
- A deforestación é un impacto ambiental sobre a biosfera
- Unha especie eurioica é aquela que ten un intervalo amplo de tolerancia fronte a un factor ambiental
- Cando o aire tende a ascender na atmosfera, existe unha situación de inestabilidade ou borrasca (baixas presións)

Xuño 10 A

- O sistema kárstico prodúcese pola disolución das rochas calcarias
- A etapa de maior madurez da sucesión é a de comunidade clímax
- os aerosois con CFC danan a capa de ozono
- A escala Mercalli cuantifica os danos sísmicos
- A producción neta dun nivel trófico é o incremento da súa biomasa por unidade de tempo

Xuño 10 B

- O límite de carga e o número máximo de individuos e, polo tanto, a cantidade máxima de biomasa que pode soportar un sistema
- Prodúcese a sobreexplotación dos acuíferos cando se extrae auga en cantidade superior á súa capacidade de recarga
- Unha das causas da chuvia ácida é a emisión de SO₂ que na atmosfera da lugar a ácido sulfúrico
- Os solos expansivos son un risco xeolóxico debido ós cambios de volume das arxilas

Setembro 10 A

- A valencia ecolóxica é o intervalo de tolerancia ante un factor ecolóxico
- A escala Mercalli reflicte os danos sísmicos
- Sucesión ecolóxica é a evolución dos ecosistemas ó longo do tempo
- Na producción primaria (dos autótrofos) podemos diferenciar entre producción bruta (total fotosintetizado) e producción neta (o seu crecemento)

Setembro 10 B

- Nun climograma represéntanse graficamente temperaturas e precipitacións
- Unha excesiva extracción de auga orixina a sobreexplotación dos acuíferos
- Cando hai afloramento a producción neta é alta debido ó ascenso de nutrientes á zona fótica
- Os descompoñedores levan a cabo a reciclaxe nos ecosistemas

Xuño 11 A

- O gradiente xeotérmico é a variación da temperatura coa profundidade
- Canto maior sexa a riqueza de especies maior é a biodiversidade
- A nitrificación é un proceso que forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno
- A escala Mercalli mide a intensidade e a de Richter a magnitude dos movementos sísmicos

Xuño 11B

- A producción bruta é a suma de producción neta e respiración
- O biogás é un combustible que se pode obter de residuos
- Os ecosistemas con maior riqueza de especies teñen maior biodiversidade
- A eutrofización das augas débese ao exceso de nutrientes nas mesmas

Setembro 11 A

- Nun hidrograma represéntanse as variacións do caudal en función do tempo
- O chorro polar é un vento que rodea a Terra a nivel da tropopausa
- O CO₂ é captado polos seres vivos na fotosíntese e liberado na respiración
- Nun ecosistema, a enerxía fai un percorrido unidireccional.

Setembro 11B

- O exceso de nutrientes nas augas causa a súa eutrofización
- A nitrificación forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno
- Os CFCs dos aerosois son compostos que destrúen o ozono estratosférico
- A sobreexplotación dos acuíferos prodúcese cando a extracción dos recursos hídricos é maior que a súa recarga

Xuño 12 A

- A eutrofización débese a un exceso de nutrientes nas augas
- Os ecosistemas con maior biodiversidade son os de maior riqueza de especies
- O gradiente xeotérmico é o incremento de temperatura coa profundidade
- A nitrificación é un proceso que forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno

Xuño 12 B

- Canto maior é a riqueza de especies, maior é a biodiversidade
- O excesivo consumo de auga pode dar lugar á sobreexplotación dos acuífero
- A sucesión do ecosistema tende a acadar a etapa clímax
- Os CFCs contidos nos aerosois danan a capa de ozono

Setembro 12A

- Ozono/CFC/aerosois -especies/riqueza/biodiversidade
- A escala Mercalli reflicte os danos sísmicos
- A sobreexplotación dos acuíferos costeiros pode causar a súa salinización

Setembro 12B

- A etapa clímax é a de maior madureza da sucesión
- O chorro polar é un vento que circula de oeste a leste rodeando a Terra a nivel da tropopausa
- Unha mala xestión dos acuíferos pode causar a súa sobreexplotación
- Nun climograma represéntanse as temperaturas e precipitacións

Xuño 13A

- A etapa máis madura da sucesión é a de comunidade clímax
- A eólica é unha fonte de enerxía renovable
- A escala Richter de magnitude reflicte a enerxía liberada nos fenómenos sísmicos
- A degradación dos solos conduce á desertificación

Xuño 13B

- O fósforo é o principal factor limitante para a produción primaria
- Os descompoñedores levan a cabo a reciclaxe dos nutrientes nos ecosistemas
- A sobreexplotación dos acuíferos pode causar a salinización da súa auga
- O biogás é un combustible que se pode obter dos residuos

Setembro 13A

- A produción neta é a diferenza entre produción bruta e respiración
- Canto maior é a riqueza de especies dun ecosistema, maior é a súa biodiversidade
- O gradiente xeotérmico é o incremento de temperatura coa profundidade
- A nitrificación é un proceso que forma parte do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno

Setembro 13B

- O albedo é a porcentaxe de radiación reflectida do total que chega á Terra
- Os descompoñedores pechan o ciclo da materia permitindo a reciclaxe de nutrientes
- Os liques son unha simbiose entre fungos e algas, o que implica que ambos obteñen un beneficio mutuo
- A reforestación é unha medida para reducir a erosión do solo

Xuño 14A

- O albedo é a porcentaxe de radiación reflectida do total de radiación solar que chega ao noso planeta
- pH, DBO e alcalinidade son parámetros químicos para avaliar a calidade das augas
- Un hidrograma representa as variacións do caudal en función do tempo
- A reforestación é unha boa medida de control da erosión do solo

Xuño 14 B

- A escala Mercalli reflicte os danos sísmicos
- Os descompoñedores levan a cabo a reciclaxe de nutrientes nos ecosistemas, ao transformar compostos orgánicos en inorgánicos
- Os liques son unha simbiose entre fungos e algas, xa que existe un beneficio mutuo entre ambos
- A medida que o ecosistema gaña en madurez, a produción neta de cada nivel trófico diminúe en relación ao seu gasto respiratorio

Setembro 14A

- A eutrofización das augas débese a un exceso de nutrientes nas mesmas
- O chorro polar é un vento que circula a nivel da tropopausa
- Nos ecosistemas, o fluxo de enerxía é unidireccional
- Parte do CO₂ captado pola fotosíntese dos produtores é devolto á atmosfera coa respiración

Setembro 14B

- O albedo é a porcentaxe de radiación reflectida do total de radiación solar que chega ao noso planeta
- Os solos expansivos son un risco xeolóxico debido aos cambios de volume da arxila
- Nun hidrograma represéntanse graficamente as variacións do caudal co tempo
- Coa reforestación redúcese a erosión do solo